



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Cando eu era moza anduveron a tiros moitas veces por causa miña, eh. E era a culpa deles que non era porque me comprometese con dous, nunca, Dios me arredara!. (...)

Por Navidades, unha vez por Navidades era este marido que teño hoxe, nunca comigho falara, pero conociámonos porque ibamos, el nunca fora pero familia del, irmás e máis un irmán iban á festa á mesma casa que ibamos nós, que iba eu. E foi polas Navidades polo día canto, había tantírmos cantadores, tantas cuadrillas. Eu tiña un mozo que xa levaba así falando comigho unha temporediña. Pero eu, eu falaba ighual cos outros. E nesto, aquel día levárona neghra, eh. Mira entre a mocedá cousas que pasan!. E o que estivera comigho como era día de canto non estiveramos con eles onde estabamos moceando cos mozos, estuvemos na cociña xogando porque entraban os mozos alí, as cuadrillas a cantar e tal. E non estuvemos nada xuntos e claro, do outro día, o día santo de Navidad díxolle ao mozo dunha irmán miña, o mozo meu:

“Dille a Salomé que non se comprometa que mañá hei de vir eu para onda ela.”

E claro, el díxoo na misa o domingo. Pero así que eles marcharon viñeron os cantadores, foron os cantadores daqui de Maroxo e cantaba que era unha marabilla. E nosoutras, eu tiña dúas irmás que cantaban moi ben, eu máis elas, as tres, e fómoslles axudar a cantar aos cantadores de aquí. E díxome -era este-:

“Tes mozo para mañán?”.

E díxenlle eu: “Non.”

E non tiña, porque o outro non falara comigho e eu aínda no sabía, o outro despois díxome na misa o outro día.

Díxenlle eu: “Non. Eu mozo, mozo se cadra teño pero eu palabra non teño.”

E falei, era certo. Dixo el: “Bueno, pois se queres veño eu ... podía vir pa onda ti”

E díxenlle eu: “Fai como queiras”.

E veu, e cun anaco de sol chegharon os dous, este e mailo outro. O outro era doutra parroquia, non era da nosa parroquia tampouco. E chegharon e o que falaba comigho acheghouse anda min e dixo:



“E estás comigo, estas con ese outro ou con quen estás?”

E díxenlle eu: “Pois, contigho xa non estarei, teño que estar con este, teño palabra con el.”

Dixo: “Como que vas ter palabra con el se lle dixen a Ghaspar -Dios o teña na ghloria, era un cuñado meu, daquela aínda non era cuñado pero foi despois- que non te comprometeses?”.

Di: “Si, pero Ghaspar díxomo na misa e estes viñeron á atrás de vos e comprometinme.”

Dixo: “Pois aghora, vas quedar sola.”

“Ah, pois non che me importa nada. Nada!”

E prefería quedar sola que se learan os dous. E entonces dixo -xuntouse co outro-, díxolle: “E ti tes palabra con esa moza?”

E díxolle o meu marido: “Eu teño.”

E tíña, el tíña. Dixo: “Pois eu tamén a teño. Pois entonces ... deixámola sola”.

“Ah, pois deixámola, a min que me interesa”.

E as outras dúas miñas irmás tíñan cadanseu mozo. Unha tíña dous, un que estivera no servicio que fora o primer mozo que tivo e viñera naqueles días e viñera e ela non podía estar con el porque viña outro mozo que tíña naquel tempo botaban tres anos na mili, e naquel medio tempo veu outro que foi despois o que se casou con el. O pobre tuvo mala suerte, pero bueno, sería a suerte dun así.

E entonces, xuntáronse e marcharon todos e deixáronnos solas. ... Eran seis mozos, eu tíña dous, tres. Un viña cos outros ... quedou da súa casa, pa salir da casa foi sempre pa onda min pero eu apenas estaba con el nunca. Pero el tíña a súa idea e tíña. Aquel andaba cos outros. Despois marcharon e deixáronnos solas.

Eu e máis a irmán máis vella que era a que tíña aqueles dous comprometidos, aqueles dous, ela non os tíña comprometidos pero achegáronse así. Eu e máis outra irmán máis nova fomos á i-augha con dous baldes á fonte así unha mighiña de día aínda. E cheghei, viñan dous mozos da parroquia, que nunca con eles falara mais eran da parroquia. Pero eran da cima da parroquia e nos eramos do fondo, viámonos na misa e eso pero decir viñan para onda nós e eso, nunca viñeran. E neste chegharan, eles viñan... non sei de onde viñan. E chegharon e víronnos ir da i-aghua e dixéronnos, dixo:



“Será de crer que estas mozas estean sen mozos?”

E díxenlle eu: “Pois, ben vedes.”

Dixo: “Pero logho non tendes mozo?”

“E ti vesnoslos?”

Dixo el: “Pois xa está. Vosoutras non tendes mozos e nosoutros non temos mozas se queredes estar con nós hoxe moceamos xuntos.”

“Pois como queirades”.

(...) nadie a entraba sin abrir. E eu máis a miña irmán máis nova -a i-outra estaba na cociña con nosos pais- moceando con aqueles dous mozos. E dando, así xa cun cachiño de noite, un cachiño de noite xa, dándolle a puxar ás portas, apuxa, que apuxa ás portas pero as portas non se abrían (risa). Nós a risas, unhas risazas altísimas pra que soupesen que estabamos moceando, que nos deixaran solas e mais que tiñamos mozos igual. Eles non sabían nada, estaban inocentes, rían tamén que se partían cos chistes nosos e nos cos deles, tabamos así. Bueno, unhas risazas, pasámolas adivertidísimas aquel anaco que foi, eh. Porque nós como sabiamos que os outros taban darredor da casa era o mérito que nos tiña e matabámonos a rir, eles estaban inocentes de todo, non sabían nada. Pero como nos vían rir a nós, nos riamos todos e un decía un chiste, outro decía i-outro, e bueno, así berrando. E puxaronas, pero levabamos xa saira con día con eles, había por aí dúas horas de noite cando deron volta.

Eles querían entrar pa dentro porque o mozo da que despachara aquel mozo, dixo:

“E por eso despachei dalí, eu quería ir para onda a germana, despachou o mozo por causa miña e aghora eu deixala sola e eu non teño que ver cas vosas cousas e tal”.

“Bueno, pois nada, ti vai pa dentro que ti estás ca túa. Pero dos outros nadie cas nosas. Nadie!”

Nós a risas e despois démonos cuenta que saliran da porta, do lado da eira po lado do curral, pra entrar polo lado do curral. Entonces... e entraron. Tiñamos un irmán, un rapazuco, e foi abrir el. El non sabían nada, o rapaz non sabía nada. Foilles abrir, sacarlle unha porta, unha caravilla de ferro por dentro fuertísima e entraron para dentro coma chispas pra a cociña. Eu así que nos demos cuenta que estaban na cociña díxenlles eu:

“Bueno, rapaces...”



-O que estaba comigo, Dios o teña no ceo que morreu de mozo, morreu de mozo mais estaba moitísimo por min, a min tamén me ghustaba el. Colghouse na corrente cunha sachá e así quedou.- E díxenlle eu:

“Bueno, Manuel, aghora vouvos decir unha cousa”.

Dixo el: “E que nos vas decir”

“Aghora quero que vos marchedes.”

“E por que? Por aghora aínda é cedo.”

“Por que voucho decir aghora mesmo,- conteille a pura verdá tal cual como era- E mira, a nós pasounos desta maneira e aghora eses individuos entraron, son seis. E chegharon, e marcharon por nos deixar solas e topannos moceando, eses homes comen lume e se vos collen dabanvos unhas apalastras”

E dábanlla, eh, dábanlla. Porque eles eran dous homes e os outros eran seis e conocimiento non había que eran todos novos.

“E Aghora pídivos por favor que marchedes, nos con eles non estamos que imos pa dentro, nos aghora con eles non estamos, de ninghunha maneira”.

Dixo: “Pero e tal...”

“Non, oh. Marchade!. Porque, a quen son, esperavos a cando saíades e danvos unha malleira que vos deixan, son capaces de vos matar. Porque eles marcharon coa idea de que quedaramos solas. Por se vengaren de nós que nos atoparan moceando, que vos parece? Quero que vos marchedes, saídes aí pola porta da eira, cara... - xa iban frente ás casas deles- e deixadevos quedar que nós aghora mesmo, tan pronto vos marchedes, entramos pa cocíña, pa onda nosos pais, pero eles están alí pero cada un está no seu, nos onda eles non nos poñemos tampouco.”

E marcharon de mala ghana por eso pero ghiaronse “Pídivos por favor que marchedes, que non quero nin por nada que vos toquen por causa nosa.”

E peghábanlles, eh. Se non se marchan apalastranos redondos.